



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN, A ASOCIACIÓN GALLEGA DE LA PROPIEDAD BALNEARIA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE ENVASADO DE AGUA MINERAL NATURAL PARA A ASISTENCIA DUNHA DELEGACIÓN DO SECTOR DAS AUGAS MINERAIS E TERMAIS DE GALICIA Á 20ª FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL, SAÚDE E BENESTAR.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Vicepresidencia formalizou coa ASOCIACIÓN GALLEGA DE LA PROPIEDAD BALNEARIA e coa ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE ENVASADO DE AGUA MINERAL NATURAL (en diante AGAMIN) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 2 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN para a participación na 20ª Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, que se celebra en Ourense o 29 e o 30 de setembro de 2022, en concreto as actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

- ACTUACIÓNS A REALIZAR POLA ASOCIACIÓN GALLEGA DE LA PROPIEDAD BALNEARIA

a) Instalación dun stand na exposición comercial.

b) Realización dun vídeo de 2 minutos de duración para promover os balnearios de Galicia.

- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR AGAMIN

a) Realización dun vídeo de 2 minutos de duración para promover as augas minerais naturais galegas.

b) Deseño e impresión dun tríptico en galego, castelán e inglés para promover os balnearios e as plantas de envasado de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro, cuxos membros son persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade da Propiedade Balnearia, no ámbito da Autonomía Galega, mediante a explotación de mananciais con declaración de auga mineromedicinal, e na que figura entre os seus obxectivos, segundo reflicte o artigo 3 dos seus estatutos, a promoción e defensa da imaxe e o prestixio do sector que representa.

Por outra banda, AGAMIN constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro, cuxos membros son empresas que exercen a actividade de envasadores de augas minerais naturais no territorio galego, e na que figura entre os seus obxectivos, segundo reflicte o artigo 3 dos seus estatutos, defender, promover e salvagardar os intereses xerais da Asociación e seus membros fronte a terceiros e a entidades ou organismos particulares e e oficiais de toda índole.

Tendo en consideración a finalidade que se persigue, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN constitúen as únicas entidades que reúne dous requisitos singulares e cualitativos: por un lado, ser as entidades que mellor representan ás empresas dedicadas á actividade da propiedade balnearia e a actividade de envasado de augas minerais naturais, respectivamente, por outro, ter entre os seus obxectivos, en xeral, a promoción das súas actividades o que implica o fomento do sector das augas minerais e termais en Galicia, en particular, promover accións de fomento do medio ambiente, a innovación, a prevención de riscos laborais e a defensa da seguridade e saúde laboral dos traballadores, a responsabilidade social, os recursos humanos así como o fomento das tecnoloxías da información e a comunicación.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará ata un máximo de **VINTE E TRES MIL SETECENTOS DEZASEIS (23.716,00 €)** con cargo a aplicación orzamentaria **06.02.734A-781.2**, proxecto 2015/00679, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola





que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Pablo Fernández Vila

